



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

XOVES, 17 DE AGOSTO DE 2023

N.º 188

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

ACORDO do 2 de agosto de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Guntín. (Expediente 2022/6- ATE)

Con data 5 de abril do 2023 a Xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previa e de construcción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada INSTALACIÓN DE INTERRUPTOR TC NO APOIO Nº 183 DA LMTA LUG802 no concello de Guntín (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urgente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Guntín, deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 15 de febreiro de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 13 de outubro de 2023, para que compareza o día 19 de setembro de 2023 no concello de Guntín sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Guntín estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírtelles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles errores cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realizase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixicencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 2 de agosto de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO

INSTALACIÓN DE INTERRUPTOR TC NO APOIO Nº 183 DA LMTA LUG802 (Guntín)

Nº Finca	Titular	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Afección Apoio	Sup. Apoio	Lonxitude Voo (m)	Superficie Voo (m2)
1	Carmen Cienfuegos-Jovellanos Navia-Osorio	109	530	Cuíña	Monte Alto	183	10.0		

R. 2642

Anuncio

ACORDO do 1 de agosto de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Chantada. (Expediente 2022/36- ATE)

Con data 25 de abril do 2023 a xefatura territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construcción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Regulamentación LMTA DC CHA811-CHA813 - apoios D2, D3, D9, D13 e D26*, no concello de Chantada (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urgente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Chantada, deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia do 23 de febreiro de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 24 de febreiro de 2023, para que compareza o día 13 de setembro de 2023 no concello de Chantada sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Chantada estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles errores cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realizase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan desconecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as diligencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 1 de agosto de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

NEXO

Regulamentación LMTA DC CHA811-CHA813 -apoios D2, D3, D9, D13 e D26 (Chantada)

Nº Finca	Titular	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Afección Apoyo	Sup. Apoyo	Lonxitude Voo (m)	Superficie Voo (m2)
1	J. Antonio Aguiar García	43	339	Penaschas	Prado	D3	2.0		
7	José Manuel Fernández Fernández	45	629	Ligoeiras	Prado	D22	2.0		
8	Mª Isabel Vázquez Suárez	45	235	Estradas	Prado	D26	2.0		

R. 2643

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCEA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO

MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2023

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvimento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 21.07.2023, acordou aprobar a resolución provisional da referida convocatoria de subvencións e notificar o acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións.

O anuncio da resolución provisional publicouse o día 26.07.2023 no BOP de Lugo nº 170 e na web da Deputación Provincial (<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB2023>), non presentándose ningunha alegación no prazo concedido.

Polo tanto, de acordo co punto 10 RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN das bases da convocatoria, “*finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Así mesmo o citado anuncio tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal*”.

A resolución definitiva da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvimento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023 correspón deseas coas listaxes que se anexan a continuación, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes

LIÑA 10.2 RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO

1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

Nº	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE SOLICITADO (€)	ACTIVIDADE	VALORACION (MÁX. 30 PUNTOS)							TOTAL SUBVENCION CONCEDIDA
					MEMBRO ORG. PARTICIPACIÓN (9 PUNTOS)	CUMPLIMENTO PLAN ACCIÓN (5 PUNTOS)	CALIDAD E INTERESE (5 PUNTOS)	POBOACIÓN (5 PUNTOS)	PROMOCIÓN (3 PUNTOS)	VALORACIÓN SOCIAL (3 PUNTOS)	TOTAL	
1	CENTRO RECREATIVO, CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE	***1236**	3.258,49	Actuacións na RB Terras do Miño en Baamonde 2023	0	5	5	4	3	3	20	3.258,49 €
2	CAPACES LUGO	***4501**	3.300,00	Programa de educación medioambiental para persoas con diversidade funcional. Ano 2023	0	3	5	4	3	3	18	3.049,75 €
3	CLUB PIRAGÜISMO CIUDAD DE LUGO	***1071**	7.000,00	Rutas en caiac e bautismos de auga	9	3	5	2	3	3	25	4.235,77 €
4	FEDERACION DE AA.VV DE LUGO LUCÍUS AUGUSTI	***1585**	7.000,00	Programa de actuación de posta en valor da Reserva da Biosfera Terras do Miño	0	5	5	4	3	0	17	2.880,32 €
5	ASOC DE PESCADORES PONTE DE AREAS	***4040**	2.873,75	Conservación do entorno nas marxes do río Miño anualidade 2023	9	5	3	5	2	3	27	2.873,75 €
6	ASOCIACIÓN GALEGA DE OPERADORAS ARTESANAIAS ALIMENTACIÓN E PENSOS	***7777**	5.700,00	A Artesanía Alimentaria unha nova oportunidade para a dinamización da Reserva da Biosfera Terras do Miño	9	3	1	4	3	0	20	3.388,61
7	ASOCIACIÓN AMIGOS DO MUSEO VIVO E INTEGRADO DE CAMPO E DA LOCOMOCIÓN AGRARIA	***4956**	2.090,00	III Xornada de Alternativas ao uso do Petróleo en Aplicacións Agrícolas	0	5	3	4	3	0	15	2.090,00 €
8	ASOCIACIÓN VECINOS SAN COSME DE NETE	***2195**	2.800,00	Obradoiros con aproveitamento dos recursos para alimentación e decoración (cocina, cestaría e arte floral)	0	5	3	2	2	3	15	2.541,46 €
9	ASOCIACION DE MULLERES RURAIS A XUNTANZA DE CASTRO DE REI	***2887**	1.954,15	Obradoiro de restauración de pezas do campo	9	3	1	3	2	3	21	1.954,15 €
10	ASOC. DE VECINOS DE CABREIROS	***2256**	6.400,00	Conservación e melloras en ruta de sendeirismo río Trímac-Cabreiros	0	3	3	5	3	3	17	2.880,32 €

11	ANDARELA ASOC DE MULLERES RURAIS	***2807**	2.517,50	Curso de aproveitamento de recursos da natureza da zona na gastronomía local	0	3	3	5	2	3	16	2.517,50 €
12	ASOC DE MULLERES RURAIS ALFINETE	***8549**	2.137,50	Curso de cestería con xumbos	9	5	3	1	2	3	23	2.137,50 €
13	SOCIEDADE MICOLÓXICA LUCUS	***2729**	6.215,00	XXI Exposición de Cogomelos	9	5	5	1	3	0	23	3.896,90 €
14	ASOC CULTURAL, AGRARIA E AMBIENTAL MUÑO DE BARXA (EN CONSTITUCIÓN)	***4658**	3.990,00	Obradoiros arredor da plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño	9	5	5	5	3	3	30	3.990,00 €
15	ASOC CULTURAL MESTURA DE NETE	***8202**	1.456,50	Obradoiro de construcción de pandeiro veganos e acheitamento ó repertorio do pandeiro cadrado	0	5	3	2	2	3	15	1.456,50 €
16	ASOC. VECINOS DE INSUA ZOQUEIRA	***2592**	2.783,00	Aproveitamento dos recursos naturais da nosa contorna: curso de cociná e curso de cestaría	0	5	3	2	2	3	15	2.541,46 €
17	APA DEL C.P.ANTONIO INSUA BERMUDEZ	***1198**	1.600,00	Recuperar, reutilizar e cultivar dentro do noso colexio	0	5	3	2	2	3	15	1.600,00 €
18	ASOC.RECREAT IVA CULTURAL S.MARTIÑO DE PINO	***3551**	1.200,00	Accións formativas para o aproveitamento dos recursos naturais de Pino: compostaxe, recoñecemento de plantas aromáticas e medicinais e cociná sustentable	0	5	3	3	2	3	16	1.200,00 €
19	ASOC. DE VECINOS DA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SANCOVADE	***3627**	1.045,00	Accións formativas para o aproveitamento dos recursos naturais de Sancoade: curso de micoloxia e de poda e xardinería	0	5	3	2	2	3	15	1.045,00 €
20	ASOC.GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	***3927**	4.205,00	Fortalecendo a Rede de Custodia Agraria da Reserva da Biosfera Terras do Miño	9	5	3	5	3	0	25	4.205,00 €
21	MORCEGOS DE GALICIA	***3166**	3.790,50	Estudo da presencia de especies ameazadas de morcegos en bosques culturais da Reserva da Biosfera Terras do Miño II	0	5	5	5	3	3	21	3.558,04 €
22	ASOC ESPAZO AGROECOLÓXICO A ESTRUGA	***5036**	2.850,00	Dinamización agroecolóxica na Reserva da Biosfera: valorización das produccións e actividades no mercado	9	5	5	2	3	3	27	2.850,00 €
23	ASOC CORRIPA	***5068**	4.728,15	Os ecosistemas acuáticos en convivencia coa gandería extensiva	9	5	3	4	3	0	24	4.066,33 €
24	ASOC DEPORTIVA RÍO LADRA	***1634**	7.000,00	Acondicionamen to e recuperación dos marxes fluviais do río Ladra entre a súa desembocadura e o muíño de Rebordelo	9	5	5	4	3	3	29	4.913,49 €
25	ASOC. DE MULLERES SAN BARTOLOMEU DE INSUA	***3758**	2.000,00	Prácticas de agricultura ecolóxica e plantas medicinais para o coñecemento e conservación do entorno natural	0	5	3	2	2	3	15	2.000,00 €

26	ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	***3476**	3.271,03	Exposición historia de Galicia , historia da lingua Galega , historia da Bandeira Galega e historia da Reitoral de Santaballa	0	5	5	2	3	3	18	3.049,75 €
TOTAL											74.180,09 €	

2. Listaxe solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima da 1ª fase da valoración

1	FUNDACION SECRETARIADO GITANO	***1173**	7.000,00	Proxecto de dotación de vehículo para as actuacións na contorna do Paseo do Río Rato	0	5	3	1	2	0	11 (non supera a 1ª fase)
2	ASOC MULLERES RURAIS OLVIDO	***2462**	1.724,00	Obradoiro de recuperación de aperos tradicionais agrarios	0	3	1	5	2	3	14 (non supera a 1ª fase)
	ASOC CULTURAL BANDA DE MUSICA DE VILLALBA	***1421**	5.100,00	XIX Festival de Bandas Pepe Guntín	0	3	3	2	1	0	9 (non supera a 1ª fase)

3. Listaxe de reserva

Non hai.

LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES

1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

Nº	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE SOLICITADO (€)	ACTIVIDADE	VALORACION (MÁX. 30 PUNTOS)							TOTAL SUBVENCIÓN CONCEDIDA
					MEMBRO ORG. PARTICIPACIÓN (9 PUNTOS)	CUMPLIMENTO PLAN DE ACCIÓN (5 PUNTOS)	CALIDADE E INTERESE (5 PUNTOS)	POBOACIÓN (5 PUNTOS)	PROMOCIÓN (3 PUNTOS)	VALORACIÓN SOCIAL (3 PUNTOS)	TOTAL	
1	ASOCIACIÓN GALEGA DE OPERADORAS ARTESANAIAS ALIMENTACION E PENSO	***7777**	3.800,00	A Artesanía Alimentaria unha nova oportunidade para a dinamización da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses	9	3	1	5	3	0	21	3.800,00 €
2	APA DO CPI CERVANTES	***4453**	4.034,30	III Xornada de Degustación de Tenreira de Ancares	9	3	3	5	2	3	25	4.034,30 €
3	ASOC. PADRES DE ALUMNOS CEIP SAN XOAN BECERREA	***3034**	2.880,00	Descubrindo Os Ancares en familia	9	5	5	4	3	3	29	2.880,00 €
4	ASOC. CASTAÑO Y NOGAL	***3868**	2.831,00	Actuacións de mantemento e conservación da ruta de senderismo Quintá-Río Donsal	0	5	3	4	1	3	16	2.831,00 €
5	ASOC XUVENIL CULTURAL A CAMBEA (EN CONSTITUCIÓN)	***5087**	3.239,69	Recuperación da Romaría en Cereixedo	9	5	5	5	3	3	30	3.239,69 €
6	ASOC CULTURAL OS XARDOIS	***3836**	1.315,45	Cantos de Taberna no concello de Cervantes	0	5	5	5	3	3	21	1.315,45 €
7	ASOCIACION RENTE AO COUCE	***5137**	3.965,77	Feira do 12	9	5	3	4	3	3	27	3.965,77 €
8	ASOC GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	***3927**	3.260,00	Descuberta de Biodiversidade nos Ancares: Bioblitz de Piornedo	9	5	3	5	1	0	23	3.260,00 €
9	ASOC CORRIPA	***5068**	4.698,70	Conservación da biodiversidade en convivencia cunha granxa caprina	9	5	3	4	3	0	24	4.698,70 €
10	ASOC TEITOS DE PIORNEDO (EN CONSTITUCIÓN)	***5033**	2.090,00	Aumento cultivo de centeo, sega, mallega e elaboración de pan	9	5	3	5	1	3	26	2.090,00 €

11	ASOC. CULTURAL O TEIXEIRO	***0382**	3.705,00	Folleto e ruta de presentación: A xeoxaría na serra de Arcas	9	5	3	5	2	0	24	3.705,00 €
TOTAL												35.819,91 €

2. Listaxe solicitudes desestimadas por non considerarse gastos subvencionables

1	ASOC CULTURAL DEPORTIVA CHAO DE SEBES	***4543**	7.000,00	Restauración Sede Sociocultural Museo Casanova
---	---------------------------------------	-----------	----------	--

3. Listaxe solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima da 1ª fase da valoración

Non hai.

4. Listaxe de reserva

Non hai.

De acordo co punto 10 RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN das bases da convocatoria, respecto ao acordo de resolución definitiva:

"Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP

Así mesmo o citado acordo de resolución definitiva tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.

O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións aos beneficiarios pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente."

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsiones das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Lugo, 11 de agosto de 2023.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, P.S. O SECRETARIO-INTERVENTOR, Alejandro Maseda Mallo.

R. 2644

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, a conta xeral correspondente ao exercicio 2022, expõse ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. da Provincia.

Durante o dito prazo, os interesados poderán examinalas e formular as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004,de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Castroverde, 11 de agosto de 2023.- O Alcalde, Xosé Mª Arias Fernández.

R. 2645

GUITIRIZ

Anuncio

Por resolución de alcaldía nº 2023-0626 de data 12/07/2023 acordase: a modificación das bases reguladoras de subvención para a renovación e rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana das parroquias de Buriz, e Vilares en Guitiriz

Expte: 326/2022

Acordase;

Aproba-la prórroga da vixencia das "Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a renovación e rehabilitación urbana de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana das parroquias de Buriz e Os Vilares de Guitiriz, referidas ó acordo da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, con base no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021", ata ó 31 de decembro de 2024, co fin de acomodar o prazo á vixencia do Acordo asinado coa Comisión Bilateral, modificando así o artigo 17 das bases, quedando da seguinte:

"ARTIGO 17: PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E VIXENCIA

As Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a renovación e rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana das parroquias de O Buriz e Os Vilares en Guitiriz (Lugo) referidas ao acordo da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2021; publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello.

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Oficina de Rehabilitación do Concello de Guitiriz, os martes en horario de 9 a 14:30 horas, ou solicitándoas no endereço electrónico ari.guitiriz@gmail.com.

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e terán vixencia ata o 31 de decembro de 2024, de non existir disposición que modifique ou prorrogue esta data de vixencia do Plan Estatal para a aplicación do programa que se desenvolve nas presentes bases."

Guitiriz, 10 de agosto de 2023.- A Alcadesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2646

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 9 de agosto de 2023 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **MAIO-XUÑO 2023**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado reglamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 9 de agosto de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

R. 2647

SAMOS

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión *ordinaria* celebrada o día 04/08/2023, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos 9/2023 entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

Aprobado inicialmente o expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Si transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito acordo.

Samos, 11 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2648

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 04/08/2023 acordou a aprobación inicial do expediente 08/2023 de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiado con cargo ao *remanente líquido de Tesouraría*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 10 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2649

VIVEIRO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión extraordinaria urgente celebrada o 14 de agosto de 2023, o expediente de modificación de crédito núm.36/2023 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 14 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2658

XOVE

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 14 de agosto dos presentes aprobouse o expediente de modificación de créditos número 13/2.023, de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por importe de 620.000,00 €.

De conformidade co establecido no artigo 42 do RD 500/1990, de 20 de abril, en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno. Non obstante, por aplicación do apartado 6 do artigo 177 do citado texto legal, o presente expediente terá carácter inmediatamente executivo.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerarase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, 14 de agosto de 2023.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2659

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA DEMARCACIÓN DE ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA

Anuncio

Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia sobre Resolución del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana relativo al “Proyecto de ejecución y actividad de estación de servicio en parcela nº 2 del parque empresarial de Begonte (Lugo)”

La Subdirectora General de Planificación y Explotación, P.D. del Director General de Carreteras (Orden TMA/1007/2021, de 9 de septiembre, modificada por Orden TMA/355/2023, de 10 de abril), con fecha 1 de junio de 2023 ha resuelto:

“ORDENAR que, de acuerdo con los artículos 104,5 y 70,5 del R.D. 1812/1994, de 2 de septiembre, Reglamento general de Carreteras, SE SOMETRA A INFORMACIÓN PÚBLICA, el “PROYECTO DE EJECUCIÓN Y ACTIVIDAD DE ESTACIÓN DE SERVICIO EN PARCELA Nº 2 DEL PARQUE EMPRESARIAL DE BEGONTE (LUGO)” de fecha junio de 2021 firmado por el ingeniero industrial D. Manuel Bóveda González.

La información pública se llevará a cabo por un plazo no inferior a veinte días hábiles en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Begonte, a fin de que todos los interesados puedan formular cuantas alegaciones y sugerencias estimen pertinentes sobre la reordenación de accesos y la propuesta de implantación de la estación de servicio.”

En cumplimiento de lo ordenado en dicha Resolución se somete a información pública el expediente durante el plazo de 20 días, a contar a partir del primer día hábil siguiente a la fecha de publicación del anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Durante el período de información pública con el fin de que los interesados puedan examinar el proyecto estará expuesto al público en días hábiles y horas de oficina en el Ayuntamiento de Begonte, en esta Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia (Antonio Machado, 45, 15071- A Coruña) y en la Unidad de Carreteras del Estado en Lugo (C/ Ronda de la Muralla, 131, 27071- Lugo). Las alegaciones habrán de dirigirse a esta Demarcación.

La documentación del Proyecto está disponible para su consulta en la sede electrónica del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (<https://www.mitma.es/el-ministerio/buscadorm-participacion-publica>).

A Coruña, 31 de julio de 2023.- EL INGENIERO JEFE DE LA DEMARCACIÓN, Angel González del Río.

R. 2650